



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP) PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA DE PROXECTOS E GASTOS DE XESTIÓN (FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN) DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

NÚMERO DE EXPEDIENTE: GALP1-F-009/2023

Contido do documento:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
2. OBXECTO DO CONTRATO
3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
4. DETERMINACIÓN DO PREZO
5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE
 - 5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA
 - 5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS
7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO
10. PUBLICIDADE
11. ANEXOS
 - 11.1. ANEXO I- Datos do licitador
 - 11.2. ANEXO II- Declaración Responsable
 - 11.3. ANEXO III- Declaración xurada
 - 11.4. ANEXO IV- Modelo de oferta económica

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN
2. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR
3. ESPECIFICACIÓNS E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER.
4. FUNCIÓNS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO
5. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN





PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal CIF: G27386192		
Obtención de documentación e información	Enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850 Viveiro (Lugo) Teléfonos: 982 56 33 55 / 604 03 47 48 Correo electrónico: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal Sitio web do contratante: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions		
Órgano de contratación	Presidencia do GALP A Mariña-Ortegal		
Responsable do contrato	Verónica Díaz Guerreiro, Técnico do GALP A Mariña-Ortegal		
Referencia do expediente	GALP1-F- 009/2023		
Obxecto do contrato	Prestación do Servizo de Auditoría de proxectos e de gastos de xestión (funcionamento e dinamización) do Galp A Mariña-Ortegal, como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).		
Tipo de contrato	Contrato de Servizos		
Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente		
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	☐ Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. ☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.		
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non	Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non



Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non	Revisión de prezos	☐ Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP ☒ Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non
Criterios de adxudicación	☒ Prezo ☐ Multicriterio		
Orzamento base de licitación	36.300,00.-€ (Ive incluído)		
Prazo de execución	Dende a formalización do contrato (previsiblemente novembro 2023) ata o 31 de decembro de 2026 (38 mensualidades) <i>Anualidade 2023: 2 meses, auditar gastos de xestión do exercizo completo 2023</i> <i>Anualidade 2024-2025-2026: Gastos de xestión e proxectos</i>		
Prórroga	Admítese prórroga do contrato. O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será realizada anualmente e por períodos anuais ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP A Mariña-Ortegal desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 2 meses á data de finalización do contrato.		
Financiamento	Esta contratación está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o Convenio de colaboración asinado polo GALP A Mariña-Ortegal coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para a aplicación da EDLP no marco do FEMPA 2021-2027.		

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é prestación do servizo de **Servizo de Auditoría de proxectos e de gastos de xestión (funcionamento e dinamización)** do GALP A Mariña-Ortegal como asociación sen

ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), garantindo con total e absoluta transparencia e seguridade a adecuada utilización do Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura 2021-2027 para os fins para o que foron outorgados ao GALP A Mariña-Ortega, así como o procedemento de revisión da conta xustificativa de cada unha das subvencións FEMPA aprobadas neste Grupo, para o que é necesario contratar para todo o período cos servizos profesionais de auditoría.

En canto ao servizo correspondente á primeira anualidade do contrato- 2023- incluírá o servizo de auditoría dos gastos de xestión correspondente a todo o ano 2023

3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O valor estimado do contrato, incluíndo as posibles prórrogas, é de 57.000,00.-€

O orzamento base de licitación para o servizo requirido ascende a un total de 36.300,00.-€ (IVE incluído), correspondente a unha base imponible de 30.000,00.-€ e 6.300,00.-€ de IVE (21%).

Valor estimado do contrato*	57.000,00 (Ive excluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	30.000,00.-€
	IVE (21%)	6.300,00.-€
	Importe total de licitación	36.300,00.-€

*O Valor estimado do contrato inclúe o importe das posibles prórrogas do mesmo (ata o 31/12/2029)

REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN					
ANUALIDADES	2023	2024	2025	2026	Total base de licitación
Orzamento (Sen Ive)	3000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	30.000,00.-€
Ive	630,00.-€	1.890,00.-€	1.890,00.-€	1.890,00.-€	6.300,00.-€

Orzamento (Con IVE)	3.630,00.-€	10.890,00.-€	10.890,00.-€	10.890,00.-€	36.300,00.-€
--------------------------------	-------------	--------------	--------------	--------------	---------------------

REPARTO POR ANUALIDADES DO VALOR ESTIMADO:

VALOR ESTIMADO (SEN IVE)								
ANUALIDADES	2023	2024	2025	2026	Prórroga 2027	Prórroga 2028	Prórroga 2029	TOTAL VALOR ESTIMADO
Valor Estimado	3.000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	9.000,00.-€	57.000,00.-€

4. DETERMINACIÓN DO PREZO

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos, os contratos anteriores realizados pola entidade de contratación para o mesmo obxecto, así como, o coste de dito servizo que supón a outros Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia de dimensións e características similares ao GALP A Mariña-Ortegal

O sistema de determinación do prezo é a tanto alzado.

Non se establece a división do obxecto do contrato en lotes, de modo que a licitación versará sobre a totalidade do servizo

5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

Os licitadores deberán presentar declaración responsable asinada de que contan cunha capacidade, solvencia económica e técnica esixida para a presente contratación, debendo presentar a documentación que acredite ditos extremos no SOBRE A, sendo, con carácter xeral a seguinte:

- Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- Xustificación do obxecto social: Estatutos.
- Representación: acreditación da representación.
- Dni do representante e CIF da empresa
- Alta no imposto de actividades económicas

f) Xustificantes de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social.

g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

**No caso de autónomos, para acreditar a capacidade de obrar, deberán aportar: DNI, xustificante de estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos- RETA-e aportación da alta na actividade obxecto do contrato que permita acreditar a actividade profesional*

5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

A solvencia económica e financeira acreditarase polos seguintes medios:

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.

Póliza de Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia

Requisito mínimo de solvencia:

Volume anual de negocios da persoa ou entidade licitante por un importe igual ou superior a media anual do contrato, 9.000,00.-€ (IVE excluído), no ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos.

Seguro de Responsabilidade Civil (RC) por importe igual ou superior a media anual do contrato, 9.000,00.-€ (IVE excluído),

Acreditación:

Volume Anual de negocios: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesarios presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida anteriormente, por ano ou fracción de ano acreditado.

Seguro de Responsabilidade Civil : Xustificante da existencia do seguro polo importe indicado.

5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A solvencia técnica ou profesional acreditarase polo seguinte medio:

Requisitos:

O equipo mínimo que deberán destinar a empresa adxudicataria á prestación do servizo deberá garantir a correcta execución do contrato, debendo ser de, como mínimo, 3 profesionais que contén cos perfís mínimos acreditados de: auditor ROAC exercente e experto contable acreditado (membro do REC).

Acreditación:

O equipo mínimo co perfil indicado acreditarase coa presentación do Informe de traballadores en alta (ITA) da empresa e/ou contratos de traballo que vinculen ós profesionais coa persoa entidade licitante, así como aportando o xustificante da Certificación de Delegado de Protección de Datos.

Aportar a Alta no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) e certificación de experto contable e membro do REC

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

Neste procedemento non se terán en conta criterios avaliábles mediante xuízo de valor.

Para a valoración das ofertas atenderase a un único criterio, avaliáble de forma automática mediante fórmula:

a) **Oferta Económica:**

Darase a máxima puntuación (100 puntos) á oferta económica admitida de prezo máis baixo. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = PM \times OB / O_i$$

P_i = Puntuación da oferta a valorar

PM = Puntuación máxima do criterio

OB = Oferta máis baixa das presentadas (sen IVE)

O_i = Oferta a valorar (sen IVE)

CRITERIOS DE DESEMPATE:

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- a. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- b. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- c. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- d. O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo

CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA:

Unha oferta económica considerárase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

Cando se identifique que unha oferta económica pode ser considerada anormalmente baixa, solicitarase á persoa ou entidade licitante que a presentou para que, no prazo máximo de **3 días hábiles**, contados a partir do día seguinte a aquel no que se envíe a comunicación, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas, xunto coa documentación preceptiva, presentarase atendendo ás seguintes especificacións:

Lugar de presentación	As propostas deberán ser remitidas por correo postal certificado ao GALP A Mariña-Ortegal , no enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850, Viveiro (Lugo), sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación dentro do prazo de presentación das ofertas por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal Deberase presentar un total de dous sobres pechados: -Sobre A: “Documentación xeral”. -Sobre C: “Criterios avaliables de forma automática” <u>*No exterior dos mesmos debe indicarse:</u> Tipo de sobre: A ou C Licitación: GALP1-F-009/2023- Servizo de de proxectos e de gastos de xestión do GALP A Mariña-Ortegal Nome e apelidos da entidade licitante Sinatura do licitador/persoa que o represente. <i>Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.</i>
Prazo de presentación	O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte. <i>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.</i>
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados: <u>SOBRE A</u> (identificando no seu exterior como “SOBRE A”) *: Anexo I – Datos do licitador Anexo II de declaración responsable do licitador Anexo III de declaración xurada de cumprimento de requisitos (*) Xunto co sobre A, debe aportarse toda a documentación acreditativa do cumprimento da capacidade e da solvencia e un índice numerado do contido dos documentos que se presentan /documentación anexa). <u>SOBRE C</u> (identificando no seu exterior como “SOBRE C”): Anexo IV - Oferta económica <u>Xunto cun índice numerado do contido dos documentos que se presentan /documentación anexa).</u>

	A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (<u>índice numerado do contido dos documentos que se presentan /documentación anexa</u>). <i>Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.</i>
--	---

8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a **Comisión de contratación** reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao **SOBRE A**, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o **acordo de admisión definitiva** das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houberse.

A continuación, procederase, no lugar, día e hora sinalados no portal web <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions> á apertura, en acto público, do **SOBRE C** das persoas ou entidades licitantes admitidas.

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Sede do GALP A Mariña-Ortegal : Rúa Misericordia, nº 35, baixo. Viveiro (Lugo)
Data e hora	Publicarase na páxina web: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions a data e a hora da apertura do Sobre C, cun mínimo de 48 horas de antelación.

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa

puntuación máis alta, a cal presenta a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

PRAZO DE EXECUCIÓN:

Prazo de execución	Dende a formalización do contrato (previsiblemente novembro) ata o 31 de decembro de 2026 (38 mensualidades)
Prórrogas	Admítese prórroga do contrato. O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será realizada anualmente e por períodos anuais ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP A Mariña-Ortegal desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 2 meses á data de finalización do contrato.

CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e dentro do prazo de execución especificado no apartado anterior.

MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non hai

ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS

No se admiten variantes nin melloras do servizo prestado.

PAGAMENTO DO PREZO

Os pagamentos serán abonados por transferencia bancaria, con carácter anual, salvo o primeiro período que abrangue previsiblemente 2 meses (de novembro de 2023 a decembro de 2023) ,



segundo o cadro *reparto por anualidades do orzamento base de licitación* indicado no punto 3 do presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

O pago realizarase previa presentación da factura correspondente, estando supeditado a dispoñibilidade de crédito por parte do GALP A Mariña-Ortegal. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O GALP A Mariña-Ortegal poderá acordar a disolución do contrato, no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- O mutuo acordo entre o GALP A Mariña-Ortegal e o contratista.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- A demora no cumprimento dos prazos establecidos e das entregas acordadas segundo o especificado no PPT e/ou no PCAP
- O incumprimento da obriga principal do contrato ou das restantes obrigas descritas nos pregos por parte da persoa ou entidade contratista.
- A declaración incompleta ou falsa sobre os requisitos de solvencia e capacitación técnica que, no seu caso, sexan esixidos polo órgano de contratación (Galp A Mariña-Ortegal).
- A insuficiencia de crédito orzamentario, segundo o Convenio de colaboración asinado entre o GALP A Mariña-Ortegal e a Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026, addendas e modificacións do mesmo, o cal será comunicado polo GALP A Mariña-Ortegal ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes.

10. PUBLICIDADE

O Anuncio de licitación será publicado na páxina web: <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions>.

11. ANEXOS :





11.1 ANEXO I- Datos do licitador

ANEXO I-DATOS DE CONTACTO DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

Expediente: GALP1-F-009/2023

Asunto: SERVIZO DE AUDITORÍA DE PROXECTOS E GASTOS DE XESTIÓN
(FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN) DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

Nome da persoa ou entidade licitante	
Nome da persoa representante legal	
Nome da persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación	
Dirección postal	
Teléfono de contacto	
Dirección de correo electrónico a afectos de notificacións	

En _____, a _____ de _____ de 2023.

Data e sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante



11.2 ANEXO II- Declaración Responsable

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A LICITADOR/A

(A incluír no SOBRE A)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE AUDITORÍA DE PROXECTOS E GASTOS DE XESTIÓN (FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN) DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL.
(COD. GALP1-F-009/2023)

D. /Dña....., con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio(o que proceda)..... con NIF número....., con domicilio social.....teléfono..... correo electrónico.....aos efectos de notificación,

DECLARA en representación da empresa

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese a xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións e

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura do licitador



11.3 ANEXO III- Declaración xurada

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS DO/A LICITADOR/A

(A incluír no SOBRE A)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE AUDITORÍA DE PROXECTOS E GASTOS DE XESTIÓN (FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN) DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL.
(COD. GALP1-F-009/2023)

D. /Dña.....,con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio (o que proceda).....con NIF número....., con domicilio social.....teléfono.....,correo electrónico aos efectos de notificación:

DECLARA en representación da empresa

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas (PPTP) e administrativas (PCAP) para a licitación indicada neste Anexo III

Segundo.- Comprométese a acreditar, ante o GALP A Mariña-Ortegal, posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no SOBRE A da oferta presentada para a licitación correspondente.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura do licitador



11.4 ANEXO IV- Modelo de oferta económica

ANEXO IV

OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

(A incluír no SOBRE C)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE AUDITORÍA DE PROXECTOS E GASTOS DE XESTIÓN (FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN) DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL.
(COD. GALP1-F-009/2023)

DATOS DO DECLARANTE:

Nome e apelidos: _____
NIF: _____
Teléfono: _____
Correo electrónico para notificacións: _____
Enderezo postal para notificacións: _____
Entidade mercantil que representa (no seu caso): _____
NIF da entidade: _____
Cargo: _____

MANIFESTA:

Que, coñecidos os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que deben rexer a contratación referida, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos, nas seguintes condicións:

OFERTA ECONÓMICA :

(O importe corresponde ao total do período : **Dende novembro de 2023 ao 31/12/2026**; e debe indicarse o importe en número e letra)

	Importe (en número)	Importe (en letra)
Importe ofertado (Sen IVE)		
IVE		



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
A Mariña-Ortegal



NIF: G27386192
Rúa Misericordia, nº35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)
Tfnos: 982 56 33 55 / 604 03 47 48
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

Total (Con Ive)		
-----------------	--	--

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura do licitador





PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O GALP A Mariña-Ortegal é unha entidade sen ánimo de lucro que foi recoñecida como entidade colaboradora da Consellería do Mar para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, segundo Convenio de Colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023. Está integrada por un total de 52 socios e abrangue un total de 13 Concellos: Valdoviño, Cedeira, Cariño, Ortigueira, Mañón, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo.

Actualmente o GALP A Mariña-Ortegal dispón da sede social e fiscal en Viveiro (Lugo) cun único centro de traballo e un traballador a xornada completa, sendo o número máximo de empregados para o servizo obxecto da contratación de 3 traballadores.

No Convenio de colaboración asinado, establécese na cláusula décimo oitava o marco regulador do réxime de contratación do GALP A Mariña-Ortegal. De acordo con esta cláusula, a contratación de asistencia técnica, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP A Mariña-Ortegal pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase “segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e eficiencia”, conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. Asemade, o GALP A Mariña-Ortegal terá en conta as instrucións que emita o Organismo Intermedio de Xestión (en adiante, OIX).

Na data do 22 de xuño de 2023, a Consellería do Mar comunicou ao GALP A Mariña-Ortegal a **Instrución nº 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro** (dispoñible en: <https://galp.xunta.gal/normativa>), na que se definen diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe.

NECESIDADE DA CONTRATACIÓN:

O GALP A Mariña-Ortegal, co obxecto garantir o cumprimento da necesidade continua do servizo de auditoría externa e elaboración de informe independente por auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, por cada un dos proxectos e conta xustificativa, en materia de control e seguimento do programa de axudas, para proxectos e custes de xestión



(funcionamento e animación), para o período 2023-2026, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, precisa de persoal especializado, concretamente de auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, medios humanos dos que o Galp A Mariña-Ortegal non dispón sendo, por tanto, necesario contratar externamente.

Segundo se indica na Cláusula decimo sexta do Convenio de Colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023 coa Consellería do Mar, “Gastos de Funcionamento e animación dos Galp”, menciónase a tipoloxía de gastos de subvención, e no apartado h do punto 8 especificase, que a xustificación de ditos gastos acompañarase dun informe dun auditor de contas inscrito no ROAC, que cumpra coas instrucións específicas que se diten ao respecto e que certifiquen:

Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizadas.

Os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagados.

Ditos gastos serán xustificados trimestralmente ou no momento de esgotamento dos anticipos.

Na cláusula vixésimo primeira Funcións do GALP no procedemento de concesión de axudas no apartado c) Respecto as certificacións dos proxectos nas que os Galp non son beneficiarios no punto 3º especificase que se remitirá un informe de auditoría con cada certificación que presente o GALP á Consellería do Mar, conforme se estableza no Réxime de axudas, igualmente deberá ser elaborado por auditor inscrito no Roac.

A xestión da presente licitación realízase de conformidade co establecido na Estratexia Local Participativa do GALP A Mariña-Ortegal dentro do FEMPA, coas seguintes directrices, establecidas no programa de traballo: publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

2. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR.

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de auditoría de proxectos e de gastos de xestión (funcionamento e dinamización) do GALP A Mariña-Ortegal, como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027).

O orzamento máximo de gastos obxecto do servizo a contratar, distribuído en Proxectos e Gastos de Xestión (funcionamento e animación) segundo o Convenio de Colaboración coa Consellería do Mar, para a aplicación da EDLP é o seguinte:

RESUMO PLAN FINANCEIRO (en euros)					
ANUALIDADES	2023	2024	2025	2026	Total
APLICACIÓN EDLP (PROXECTOS)	1.462.676,41	1.532.828,76	1.532.828,76	1.532.828,76	6.061.162,69
CUSTOS DE FUNCIONAMENTO DA EDLP	256.342,91	289.012,08	289.012,08	447.347,08	1.286.740,49
CUSTOS DE ANIMACIÓN DA EDLP	45.236,99	51.002,13	51.002,13	78.943,60	221.158,51
TOTAL GASTO PÚBLICO	1.764.256,31	1.872.842,97	1.872.842,97	2.059.119,44	7.569.061,69

3. ESPECIFICACIÓN E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER.

1. Os traballos de auditoría realizaranse conforme o exposto nas Bases Reguladoras para a concesión das axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos Grupos de Acción Local de Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sustentable as zonas de pesca no Marco do Fondo Marítimo de Pesca Acuicultura 2021-2027, publicadas pola Consellería do Mar, as instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e o convenio mencionado.

O auditor elaborará un informe independente por cada un dos proxectos e conta xustificativa, certificando o cumprimento da orde reguladora, as instrucións e demais normativa de aplicación que recollerá como mínimo os seguintes puntos:

- Propósito do informe
- Tipo de xustificación (parcial/final)
- Datos do proxecto de acordo co seguinte cadro: Nome do beneficiario, código proxecto, tipo de proxecto, descrición do proxecto, orzamento total e orzamento total concedido (custo subvencionable), axuda por anualidades, prazo límite de execución e xustificación, data de inicio e data final de elixibilidade do gasto.

d) Táboa que conteña cada unha das liñas/conceptos de gasto, e que, ademais da axeitada descrición e identificación de cada un dos gastos (provedor, NIF, concepto, nº factura, etc.) integre as seguintes columnas: Gasto certificado polo promotor; Importe subvencionable segundo a resolución; Importe admitido/verificado por auditoría; tanto por cento imputado.

e) Manifestación da comprobación realizada, dentro do alcance e nivel que permitan os rexistros públicos accesibles ao auditor, do cumprimento do requisito de non vinculación establecido no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e do artigo 43.2 do seu Regulamento (de conformidade coa definición de “non vinculación” dos RD 1514/2014 e 1515/2007).

2. O auditor comprobará que a conta xustificativa foi presentada por persoas con poderes suficientes para elo.

3. No proceso de revisión da documentación que presenta o beneficiario ante o GALP como xustificación dos gastos e investimentos realizados, aplicaranse os seguintes procedementos:

a) Verificación do soporte documental xustificativo dos gastos certificados pola entidade (factura ou documento contable de valor probatorio equivalente).

b) Comprobación dos pagamentos realizados, mediante o exame dos correspondentes documentos xustificativos de cargo en conta bancaria, con identificación do beneficiario.

c) Nos supostos no que a descrición dos gastos xustificados polo promotor e incluídos nas facturas correspondentes non coincidan literalmente cos conceptos subvencionables detallados na resolución de concesión, o informe de auditoría, de consideralos subvencionables deberá acreditar a trazabilidade do mesmo relacionando cada un dos orzamentos achegados coa solicitude nos que se inclúan co detalle sinalado na resolución.

d) Comprobación do rexistro contable dos gastos e dos pagamentos realizados.

e) Inspección física, se procede, dos gastos certificados e da actividade ou investimento subvencionados.

f) Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de elixibilidade do gasto certificado (período de elixibilidade, actividade subvencionada, que sexa gasto efectivamente pagado, etc.)

g) Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de contratación de obra, subministración, asistencia técnica ou calquera outro tipo de contratación.

h) Comprobación doutros ingresos adicionais relacionados directamente coa actividade como poden ser outras subvencións ou intereses xerados polos fondos da subvención. No caso en que sexan declaradas outros ingresos, deberá analizarse a compatibilidade dos mesmos. No caso de que foran compatibles e o importe das axudas acumuladas superase o custe da actividade, indicará o importe máximo subvencionable tendo en conta este feito.

i) No caso de proxectos suxeitos aos límites de axudas de mínimos, comprobación de que os importes non superan os límites establecidos na normativa de aplicación

j) No caso específico de gastos de persoal, deberá obter evidencia de en que medida as persoas declaradas pola entidade beneficiaria teñen dedicado o tempo indicado á realización da actividade subvencionada que figura no contrato.

k) Que a entidade que executa o proxecto dispoña das ofertas de diferentes provedores nos casos previstos nas bases reguladoras e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor nos casos en que non tivese recaído sobre a proposta económica máis vantaxosa.

l) Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de información e publicidade.

m) Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de medio ambiente se procede.

n) Verificación da existencia dun sistema de contabilidade separado.

4. No caso de que os promotores dos proxectos sexan poderes adjudicadores revisarase a contratación pública e certificarase que cumpre os requisitos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

5. A relación da normativa aplicable empregada para a emisión do informe achegarase como anexo e incluirá como mínimo a normativa de aplicación recollida na orde de bases reguladoras das axudas e na resolución de concesión.

6.- Realizarase unha visita de inspección física na que se comprobará a efectiva existencia dos bens obxecto de axuda, que será realizada no prazo máximo de 15 días dende a data de xustificación da axuda.

7.- Revisarase á coherencia entre a xustificación da realización da actividade subvencionada, o cumprimento do obxecto para o que foi concedida, a xustificación económica e o cumprimento normativo.

8.- No caso específico de revisión da conta xustificativa dos gastos de funcionamento e animación dos GALP, se estará ao previsto no Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e os GALP, así como as instrucións de desenvolvemento do mesmo ditadas polo Organismo de Xestión, sen prexuízo da aplicación da normativa vixente aplicable. Así mesmo, será de obrigado cumprimento calquera outro requirimento solicitado nesta materia polo Organismo Intermedio de Xestión. Entre outros aspectos, os auditores, revisarán e emitirán o informe correspondente ao establecido na cláusula décimo sexta do Convenio citado, prestando especial atención a que:

- a) Os procedementos de contratación se axusten a normativa de aplicación
- b) As actividades de animación se correspondan cos plans anuais de animación e cumpran os requisitos das instrucións correspondentes.
- c) As axudas de custe incluídas como gastos se corresponden coas actividades descritas e se axusten a instrución sobre as mesmas.

9.- En base ao traballo realizado, o auditor emitirá informe certificando, positiva ou negativamente, para ese proxecto ou actividade concreta subvencionada, a xeito conclusivo:

→ Se as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizadas en prazo, se o obxecto para o que foi concedida a axuda se cumpre e se os gastos declarados na certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagos en prazo.

→ Nos supostos de certificación negativa indicárase con claridade en que aspecto concreto se identifica o incumprimento, o gasto afectado e a minoración que supón o mesmo sobre o importe total da subvención concedida.

Non son admisibles a existencia de cláusulas ou dilixencias nos ditos informes de auditoría que introduzan confusión sobre a responsabilidade do acto de certificación da elixibilidade e legalidade e que despracen esa responsabilidade cara ao beneficiario ou cara á persoa xerente do GALP.

A certificación do auditor será remitida ao GALP, que en caso de ser positiva certificará de conformidade, na proposta de pagamento que o presidente do GALP elevará a Consellería, o cumprimento de todos os requisitos da normativa reguladora.

A relación da normativa aplicable empregada para a emisión do informe achegarase como anexo e incluírá como mínimo a normativa de aplicación recollida na orde de bases reguladoras das axudas e na resolución de concesión.

O adxudicatario desta contratación deberá realizar, a requirimento do equipo técnico do GALP A Mariña-Ortegal, tantos informes de auditoría como sexan necesarios para a correcta xestión do programa (tanto para a xustificación de gastos de xestión como para a xustificación do expediente o departamento de verificación do Organismo Intermedio de xestión atope incidencias que competen a realización do Informe de auditoría o auditor deberá redactar un novo informe de auditoría para subsanar as deficiencias detectadas.

Plan de traballo:

O adxudicatario da contratación comprometerase a realización do seguinte plan de traballo:

No caso dos gastos de xestión:

O Galp deberá xustificar estes gastos trimestralmente ante a consellería do Mar polo que remitirá a documentación correspondente á conta xustificativa ao auditor no prazo de 7 días dende a finalización do trimestre. A documentación será revisada polo equipo do auditor que solicitará ao Galp, tódalas aclaracións para que no prazo de cinco días dende a recepción da documentación se emita o preceptivo informe, que será revisado polo equipo técnico do Galp antes da súa sinatura.

Realizarase un informe trimestral, un por cada trimestre e os necesarios de anticipo de gasto de animación e de funcionamento.

No caso de comprobación das xustificacións de axudas a proxectos:

Unha vez emitida a resolución de concesión de axuda, o equipo técnico do Grupo remitirá ao auditor a documentación tida en conta para a concesión da axuda, para que o auditor teña un coñecemento previo do proxecto e das súas datas de xustificación.

Chegada a data xustificación no prazo de 5 días hábiles, o equipo técnico do Grupo remitirá ao auditor a documentación da conta xustificativa para a súa revisión, quen no



prazo de 5 días dende a recepción da mesma, comunicará ao equipo técnico as deficiencias detectadas, a efectos de requirir ou solicitar ao promotor as aclaracións oportunas.

Unha vez contestado o requirimento de documentación por parte do promotor, a auditor disporá do prazo de 10 días para a elaboración do informe e a comprobación física dos investimentos a xustificar, dende a dada recepción da documentación subsanatoria por parte do Grupo. Dito informe deberá ser revisado polo Grupo para a súa sinatura.

No caso de que as instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou a normativa reguladora das axudas supoñan variacións ou no plan de traballo especificados nos presentes pregos, estes apartados adaptaranse o contido de ditas instrucións. Este plan de traballo podería modificar, excepcionalmente, por causa de forza maior que afecte o GALP.

4. FUNCÍONS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

A entidade adxudicataria ten as seguintes funcións e obrigas:

- a) Deberá realizar correctamente as tarefas descritas no punto 3 dos pregos técnicos
- b) Queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- c) Non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP A Mariña-Ortegal para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- d) Non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP A Mariña-Ortegal. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.

5. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN

A duración del contrato será de 38 mensualidades , contados a partir da data de formalización do contrato (previsiblemente novembro de 2023) , ata o 31/12/2026.





O contrato poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de tres prórrogas consecutivas, sendo, por tanto, a duración total del contrato, incluídas as tres prórrogas (de un año cada una) de un total de 74 mensualidades (ata o 31/12/2029). A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP A Mariña-Ortegal desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de dous meses á data de finalización do contrato.

Os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) foron aprobados polo órgano encargado de aprobar os pregos de contratacións do GALP A Mariña-Ortegal (órgano delegado da Xunta Directiva do GALP A Mariña-Ortegal) .

O PRESENTE DOCUMENTO É COPIA FIEL DO ORIXINAL

En Viveiro a 10 de outubro de 2023

Asdo: D. Jesús Fernández Fernández
Secretario do GALP A Mariña-Ortegal

Asdo: D. Javier Martínez Otero
Presidente do Galp A Mariña-Ortegal

